Na mesma data, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

13(1459).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 130/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO, EN RELACIÓN CO RECOÑECIMENTO DE CANTIDADES A D^a. SILVANA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 22499/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.12.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 25.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 26 de xullo de 2011, o Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, dictou sentenzas nº 470/2011, no procedemento 260/2011, interposto por D^a Ana M^a Mouriz Martínez e nº 469/2011 no procedemento 261/2011 interposto por D^a M^a del Carmen Mouriño Barros, nas que se falla literalmente que:

Sentenza 470/2011:

“Que estimando la demanda interpuesta por D^a Ana M^a Mouriz Martínez, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo, a que le abone la cantidad de 1.409,12 €

Sentenza 469/2011:

“Que estimando la demanda interpuesta por Doña María del Carmen Mouriño Barros, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo, a que le abone la cantidad de 646,97 €”

Non podendo interpoñerse recurso ningún posto que as cantidades reclamadas son inferiores a 1.800 €.

2.- Polo Xulgado do Social nº 2 remitiuse á Asesoría Xurídica Municipal auto e decreto de data 29 de setembro de 2011, instando a execución de títulos xudiciais por importe de 1.409,12 € de principal e 226,00 € presupostados provisionalmente para intereses e costas no caso de D^a Ana M^a Mouriz Martínez e de 646,97 € de principal e 104,00 € de intereses e costas no de D^a M^a del Carmen Mouriño Barros.

3.- Ditas contías deveñen de atrasos en materia de trienios de agosto 2009 ata xullo de 2010 por parte de D^a Ana M^a Mouriz Martínez e dende abril 2009 a xullo 2010 para D^a M^a del Carmen Mouriño Barros.

4.- Como consecuencia dos anteriores feitos remítense pola Asesoría Xurídica Municipal a este Servizo de Recursos Humanos as sentenzas, autos e decretos instando a execución de ditos títulos xudiciais para a súa tramitación por un importe 2.056,09 € de principal e 330,00 € de intereses e costas, o que supón un total de 2386,09 €.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima ex-

presión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 2.386,09 € con cargo á partida 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” e da parte correspondente a seguridade social por importe de 790,60 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

	Ano	Ano	CNAE	SS Empresa	SS.Trabajador	IRPF
	2009	2010	1	31,1	6,4	15,00
Ana M ^a Mouriz Martínez	534,12	875,00	14,09	438,24	90,18	211,37
M ^a Carmen Mouriño Barros	357,60	286,80	6,45	200,40	41,25	96,66

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 215/20011 e 216/2011 do Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, nos procedementos 260//2011 e 261/2011, sobre recoñecemento de dereito e cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Ana M^a Mouriz Martinez e D^a M^a del

Carmen Mouriño Barros, en relación coas sentenzas 470/2011 e 469/2011 de dito Xulgado, de abono de diferenzas salariais en concepto de antigüidade, correspondentes ao período de agosto 2009 ata xullo 2010 e de abril 2009 a xullo 2010, por importe de 2.386,09 €

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (131,43 €) e IRPF (308,03 €), efectuando o correspondente ingreso así como de 330 € (10%) de intereses por mora na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3627 0000 64 021511. (1.107,57 € que deberá percibir Dª Ana Mª Mouriz Martínez máis 226,00 € para intereses e costas) e na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar concepto: expte.: 3627 0000 64 021611 (509,06 € que deberá percibir Dª Mª del Carmen Mouriño Barros, máis 104,00 € para intereses e costas)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social Nº 2 ós efectos oportunos en relación coas providencias xudiciais que se executan a través da Asesoría Xurídica, notificando asemade a Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1460).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 215 /2011 e 216/2011 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO, EN RELACIÓN CO RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES A Dª. ANA Mª MOURIZ MARTÍNEZ E Dª. Mª DEL CARMEN MOURIÑO BARROS. EXPTE. 22491/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 12.12.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión, do 9.11.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 26 de xullo de 2011, o Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, dictou sentenzas nº 470/2011, no procedemento 260/2011, interposto por Dª Ana Mª Mouriz Martínez e nº 469/2011 no procedemento 261/2011 interposto por Dª Mª del Carmen Mouriño Barros, nas que se falla literalmente que:

Sentenza 470/2011:

“Que estimando la demanda interpuesta por D^a Ana M^a Mouriz Martínez, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo, a que le abone la cantidad de 1.409,12 €

Sentenza 469/2011:

“Que estimando la demanda interpuesta por Doña María del Carmen Mouriño Barros, debo condenar y condeno al Ayuntamiento de Vigo, a que le abone la cantidad de 646,97 €”

Non podendo interpoñerse recurso ningún posto que as cantidades reclamadas son inferiores a 1.800 €.

2.- Polo Xulgado do Social nº 2 remitiuse á Asesoría Xurídica Municipal auto e decreto de data 29 de setembro de 2011, instando a execución de títulos xudiciais por importe de 1.409,12 € de principal e 226,00 € presupostados provisionalmente para intereses e costas no caso de D^a Ana M^a Mouriz Martínez e de 646,97 € de principal e 104,00 € de intereses e costas no de D^a M^a del Carmen Mouriño Barros.

3.- Ditas contías deveñen de atrasos en materia de trienios de agosto 2009 ata xullo de 2010 por parte de D^a Ana M^a Mouriz Martínez e dende abril 2009 a xullo 2010 para D^a M^a del Carmen Mouriño Barros.

4.- Como consecuencia dos anteriores feitos remítense pola Asesoría Xurídica Municipal a este Servizo de Recursos Humanos as sentenzas, autos e decretos instando a execución de ditos títulos xudiciais para a súa tramitación por un importe 2.056,09 € de principal e 330,00 € de intereses e costas, o que supón un total de 2386,09 €.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residencia con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 2.386,09 € con cargo á partida 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” e da parte correspondente a seguridade social por importe de 790,60 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

	Ano	Ano	CNAE	SS Empresa	SS.Trabajador	IRPF
	2009	2010	1	31,1	6,4	15,00
Ana M ^a Mouriz Martínez	534,12	875,00	14,09	438,24	90,18	211,37
M ^a Carmen Mouriño Barros	357,60	286,80	6,45	200,40	41,25	96,66

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á execución de títulos xudiciais 215/20011 e 216/2011 do Xulgado do Social Nº 2 dos de Vigo, nos procedementos 260//2011 e 261/2011, sobre recoñecemento de dereito e cantidades, nos autos seguidos a instancia de D^a Ana M^a Mouriz Martínez e D^a M^a del Carmen Mouriño Barros, en relación coas sentenzas 470/2011 e 469/2011 de dito Xulgado, de abono de diferencias salariais en concepto de antigüidade, correspondentes ao período de agosto 2009 ata xullo 2010 e de abril 2009 a xullo 2010, por importe de 2.386,09 €

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (131,43 €) e IRPF (308,03 €), efectuando o correspondente ingreso así como de 330 € (10%) de intereses por mora na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3627 0000 64 021511. (1.107,57 € que deberá percibir D^a Ana M^a Mouriz Martínez máis 226,00 € para intereses e costas) e na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar concepto: expte.: 3627 0000 64 021611 (509,06 € que deberá percibir D^a M^a del Carmen Mouriño Barros, máis 104,00 € para intereses e costas)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social Nº 2 ós efectos oportunos en relación coas providencias xudiciais que se executan a través da Asesoría Xurídica, notificando asemade a Intervención Xeral, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1461).- DAR CONTA DA COMUNICACIÓN REALIZADA POLA MERCANTIL SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.C.I. S.L. EN RELACIÓN COA PRÁCTICA DAS NOTIFICACIÓNS DE PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO E SANCIONADORES DE TRÁFICO. EXPTE. 11390/541.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 7.12.11, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Examinado o escrito presentado por D. Pascual Seguí Bañuls, con D.N.I. número 73907843-B e enderezo a efectos de notificacións en Rúa Romil, 32 Baixo, 36.202-VIGO, actuando en nome propio e en representación da mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.C.I., S.L., con C.I.F. B-96067400, según escritura de poder otorgada ante o Notario de VALENCIA, D./Dña. EMILIO VICENTE ORTS CALABUIG, o día 14 de Outubro de 2008 co nº de protocolo 3.549, en relación á execución do contrato adxudicado a SCI, SL polos SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO TRAMITADOS POLO CONCELLO DE VIGO (10075 / 541), no que expón que en aras a acadar unha maior axilidade, seguridade, eficacia e control na tramitación das notificacións practicadas dentro dos procedementos administrativos que constitúen parte do obxecto do contrato, contan con unha empresa do propio grupo, con denominación social SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL POSTAL, SL (en adiante SCIP,SL), con CIF, B-95604021, cuxo obxecto é a práctica de notificacións segundo contido das autorizacións administrativas (Xeral e Singular) que lle teñen sido otorgadas pola Subdirección Xeral de Réximen Postal do Ministerio de Fomento en data 26 de abril de 2010, polo que pon en coñecemento desta Administración que a práctica das notificacións administrativas que constitúen parte do obxecto do precitado contrato serán realizadas a través do seu operador postal SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL POSTAL, SL, con CIF. B-95604021, en todos aqueles casos nos que aquela sexa posible segundo o contido das autorizacións Xeral e Singular concedidas polo Ministerio de Fomento (Subdirección Xeral de Réximen Postal) a esa mercantil.

ANTECEDENTES:

I. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de agosto de 2011, adoptou o acordo de adxudicar á mercantil *SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.*, por procedemento aberto e ordinario, a contratación dos *SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRAFICO TRAMITADOS POLO CONCELLO DE VIGO (EXPTE. 10075-541)*, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión do 09.12.2010.

II. A cláusula IV do prego de condicións técnicas dispón o seguinte:

“IV.- ASISTENCIA EN PRÁCTICA DE NOTIFICACIÓNS

As actuacións de notificación e arquivo da documentación xustificativa realizaranse pola empresa adxudicataria, sendo por conta da mesma a totalidade dos gastos derivados da práctica das notificacións realizadas ao abeiro do presente prego de condicións.

Con independencia do previsto no parágrafo anterior, as facturas emitidas a nome do Concello de Vigo, de ser o caso, polas empresas operadoras de servizos postais como consecuencia das notificacións practicadas pola adxudicataria ao abeiro do previsto no presente prego, serán abonadas á entidade emisora da factura directamente polo Concello de Vigo, tras efectuar as oportunas comprobacións, e o contratista farase cargo do seu importe mediante a minoración do importe da regularización anual na forma prevista na cláusula 11ª do presente Prego.

A notificación das actuacións axustarase ós criterios de seguridade e eficacia na súa realización, polo que practicarase mediante correo certificado con acuse de recibo na forma prevista na normativa que resulte de aplicación en cada caso. Sempre previa a autorización expresa do Concello poderá realizarse por outro procedemento de comprobada efectividade que permita ter constancia da recepción do acto notificado.”

III. Mediante escrito de data 25 de outubro de 2011, que tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo o 25 de novembro de 2011 (doc. 110152259), a entidade *SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.*, comunica ao Concello de Vigo que a notificación das actuacións realizarase pola empresa integrada no seu propio grupo *SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL POSTAL S.L.*, con CIF B-95.604.021, o que supón unha serie de vantaxes como consecuencia, entre outros motivos, de que o horario de entrega é mais amplo do establecido polo operador designado como operador postal universal, adaptándose á natureza e ubicación do destinatario; en caso de que a notificación resulte ausente ou descoñecida detálase a información acerca das circunstancias en que foi intentada a notificación; maior facilidade á hora de emitir listaxes ou estatísticas en relación aos resultados obtidos, así como de arquivo dos documentos tramitados; e o máis destacable, os axentes notificadores dispoñen de terminais PDA, co que o resultado obtido está dispoñible de forma inmediata.

IV. A mercantil solicitante aporta autorizacións administrativas Xeral e Singular outorgadas á empresa *SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL POSTAL S.L.*, con CIF B95604021 pola Subdirección Xeral de Réximen Postal do Ministerio de Fomento de datas 26 de abril de 2010 para a prestación do servizo postal.

INFORME:

A posibilidade de que a entidade *SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL POSTAL S.L.*, con CIF B-95.604.021, poida realizar a totalidade ou parte das notificacións das actuacións administrati-

vas que se deriven da execución do contrato de *SERVIZOS DE COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO TRAMITADOS POLO CONCELLO DE VIGO* atópase amparada pola vixente lexislación e o prego de condicións ao non supor procedemento de notificación diferente ou alternativo ao establecido con carácter xeral no mesmo, polo que únicamente cabe calificar o escrito presentado pola adxudicataria como unha mera comunicación.

Agora ben, compre lembrar que, en todo caso, deberán garantizarse os dereitos dos usuarios dos servizos postais e, sobre todo, o dereito dos interesados a ter coñecemento do contido dos actos que os afecten, polo que a práctica das notificacións deberá realizarse sempre cumprindo as formalidades legais que resulten de aplicación en cada caso, debendo observarse, asimesmo, as prescricións e obrigas establecidas na normativa postal e, finalmente, que en ningún caso a entidade SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL POSTAL S.L. adquire dereito nin exclusiva algunha para a práctica das notificacións que se realicen no marco do precitado contrato, ao atoparnos nun mercado liberalizado no que os servizos postais préstanse nun réxime de libre competencia conforme dispón o artigo 2º da Lei 43/2010, de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal.

Xa que logo, as notificacións administrativas constitúen un ámbito liberalizado, non podendo negarse a posibilidade e a licitud da utilización dos servizos doutros operadores postais privados para a práctica das mesmas.

En canto aos efectos das notificacións practicadas por empresa distinta ao operador do servizo postal universal designado polo Estado (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima), hai que ter en conta o apartado 4º do artigo 22 da Lei 43/2010, de 30 de decembro, que establece que “A actuación do operador designado gozará da presunción de veracidade e fehaciencia na distribución, entrega e recepción ou rehúse ou imposibilidade de entrega de notificacións de órganos administrativos e xudiciais, tanto as realizadas por medios físicos, como telemáticos, e sen prexuízo da aplicación, aos distintos supostos de notificación, do disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As notificacións practicadas polos demais operadores postais surtirán efecto de acordo coas normas de dereito común e practicaranse de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.”

En definitiva, o documento de aviso de recibo das empresas distintas ao operador do servizo postal universal, como é o caso que nos ocupa, desprega a forza probatoria propia dos documentos privados, sempre que quede suficientemente acreditado o cumprimento das formalidades legais dos intentos de notificación.

En consecuencia, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación realizada pola mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.C.I., S.L., con C.I.F. B-96067400, (doc. 110152259 de data 25/11/2011), facendo constar as indicacións sinaladas no informe do Sr. Tesoureiro Municipal que precede.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1462).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 18.11.11 REFERENTE Á “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS” (ERRO CANTIDADES). EXPTE. 3068/336.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Xuventude, do 12.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Xuventude e pola concelleira delegada de Xuventude, que di o seguinte:

Na pasada Xunta de Goberno Local do día 18 de novembro adoptouse o acordo referente a “Concesión de subvencions para o fomento de actividades xuvenís. Expte 3068/336” da Concellería de Xuventude.

Unha vez visto o expediente comprobamos que existe un erro nunhas cantidades especificadas no acordo elaborado a posteriori que non coinciden co especificado no informe-proposta orixinal consecuencia dun erro no envío do expediente vía correo electrónico no que as cantidades non eran as correctas.

E, polo tanto, ao amparo do artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO Local o acordo para a rectificación dos seguintes erros:

“1º.- Onde consta a cantidade a subvencionar da Asociación xuvenil Cancerbero de 1251,48€, debese rectificar pola cantidade de 800€.

2º.- Onde consta ao final da proposta a cantidade total de euros a subvencionar de 24.000€, debese rectificar pola cantidade de 23.548,53€.”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a rectificación de erros que se recolle na proposta precedente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(1463).- CONSTITUCIÓN EN METÁLICO DE GARANTÍA A FAVOR DE TURESPAÑA EN CONCIERTO DE PRÓRROGA DE LA 2ª ANUALIDADE DO PLAN

DE COMPETITIVIDADE TURISTICA DE VIGO, TURISMO URBANO E DE RÍA. EXPTE. 4149/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 13 de decembro de 2011, conformado polo concelleiro delegado de Área de Industria, Turismo, Comercio e PEMES, que di o seguinte:

O 29 de outubro de 2009 asínase en Vigo o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE TURISMO DE ESPAÑA (TURESPAÑA), A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE COMPETITIVIDADE TURISTICA DE VIGO, TURISMO URBANO E DE RÍA”, que previamente aprobarase na sesión extraordinaria e urxente do 28 de outubro de 2009, na que se facultaba para asinalo e xestionalo o concelleiro de turismo.

Esta anualidade debería cerrarse antes do 29 de outubro de 2010, pero a Comisión de seguimento do 22 de setembro de 2011 acordou por unanimidade solicitar a prórroga de seis meses do prazo de execución da segunda anualidade, para posibilitar la mellor xestión global do plan, do que xa está aberta e en trámite a terceira anualidade.

A cláusula cuarta, Ap. 3 do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE TURISMO DE ESPAÑA (TURESPAÑA), A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE COMPETITIVIDADE TURISTICA DE VIGO, TURISMO URBANO E DE RÍA” di na súa literalidade:

“Co fin de non alternar anualidades comprometidas, si por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as actuacións non puideran ser executadas nos prazos previstos, e por tal motivo se lle solicitará prórroga no prazo de execución e xustificación, a súa concesión por parte de TURESPAÑA, e polo tanto o abono anticipado da seguinte anualidade, estará condicionada á prestación da garantía, con anterioridade o peche previsto da anualidade a prorrogar, que haberá de constituírse en metálico o en aval bancario, e que cubra o importe non xustificado e xuros de mora, ata que a Administración autorice a súa cancelación, una vez executadas e xustificadas de conformidade as actuacións da anualidade correspondente. A estes efectos, se considerará que as aportacións de todas as partes correspondentes á anualidade de que se trate deixaron de xustificarse proporcionalmente. A garantía se prestará igualmente de forma previa á concesión de prórroga, si la solicitude refírese á última anualidade do Plan.

A referida garantía constituirase na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, ó dispor de TURESPAÑA con suxeición ó disposto no Título II, capítulo I o III do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, aprobado polo Real Decreto 161/1997 de 7 de febreiro. “

Mediante fax recibido el 12.12.2011 TURESPAÑA fixa en 125.704,00€, a contía que deberá de constituírse na Caixa Xeral de Depósitos a favor de TURESPAÑA, CIF Q-2829013-H en calquera caso antes do día 20 de decembro deberá de presentarse en Madrid a copia do depósito, polo que os prazos para executalo son menos que moi xustos.

Procederáse á devolución da garantía unha vez que, executadas polo Concello de Vigo a totalidade das actuacións que comprende a segunda anualidade, a administración preste a súa conformidade á execución e, polo tanto, autorice a cancelación do depósito. As actuacións do plan de competitividade aprobadas pola Comisión de seguimento e sobre as que aínda non se recoñeceron obrigacións, porque están sendo xestionadas e tramitadas o día da data, son as seguintes:

COD.	ACTUACIONES PLAN DE COMPETIVIDAD TURÍSTICA DE VIGO 2ª ANUALIDADE	Actividades executadas
A.-	Planificación: Vigo producto urbano en constante innovación.	
A04	Grandes eventos 3807 CSIW Vigo 2011	300.000,00 €
	TOTAL A	300.000,00 €
B.-	Administración: Vigo producto urbano eficiente.	
B01	Gerencia del PCT 3706 Material oficina para xerencia 3705 Material oficina para xerencia 2ª anualidad xerencia	782,66 € 3.245,00 €
B02	Xestión directa de recursos humanos e servizos o visitante 3906 Implantación y difusión de la plataforma de comercio Distribución regular aos establecementos hoteleros de guías e planos de Vigo	20.000,00 €
	TOTAL B	24.027,66 €
C.-	Calidade: Vigo producto urbano de prestixio.	
C03	Capacitación lingüística do produto de turismo urbano Contratación da traducción a 5 linguas da locución do bus turístico	
	TOTAL C	- €
D.-	Marketing: Vigo producto urbano orientado ao mercado.	
D01	Imagen del producto turístico urbano 3707 Adquisición de merchadising para o CRV. Memorias USB con vídeo de Vigo 3708 Adquisición de merchadising para o CRV. Libro "Vigo nas ondas" 3710 Edición extraordinaria de planos e guías para Navidad Adquisición de dereitos de uso d unha selección antolóxica de textos literarios breves s	8.816,77 € 7.165,60 € 15.777,78 €
D04	Comunicación e relaciones públicas do turismo de Vigo 3541 Bus promocional de Vigo Galicia - Norte de Portugal	226.560,00 €
D05	Promoción do produto de turismo urbano de Vigo 3444 Promoción de Vigo en eventos nacionais (Festigal) 3661 II Documental "Novo Vigo Vello"	19.720,00 € 177.000,00 €
	TOTAL D	455.040,15 €
E.-	Comercialización: Vigo producto urbano internacional.	
E01	Presencia en mercados nacionais e internacionais 3625 Presentación de Vigo en Barcelona. Catering 3624 Presentación de Vigo en Barcelona. Xestión, decoración y marketing 3614 Presentación de Vigo en Barcelona. Reserva de espacio 3613 Presentación de Vigo en Barcelona. Actuación musical 3788 Presentación de Vigo en Madrid 3789 Material promocional da presentación Vigo en Madrid 3790 Escenografía da presentación de Vigo en Madrid 3791 Catering da presentación de Vigo en Madrid Presentación de Vigo en Portugal	10.959,73 € 19.470,00 € 4.153,60 € 2.360,00 € 21.181,00 € 21.228,20 € 21.234,10 € 16.189,60 €
E02	Implantación de un receptivo 3907 Implantación de receptivo con AVIPO. Incentivos. Producto Vigo 3918 Campaña promocional "Embárcate con Vigo" Implantación de receptivo con AVIPO.	16.990,33 €
E03	Mecanismos de comercialización interna 3410 FEPROHOS 2010 Gastos de distribución e difusión da guía de ocio.	19.719,99 €
	TOTAL E	153.486,55 €
F.-	Capital humano e talento: Vigo producto urbano profesionalizado	
F01	Misións de benchmarking 3550 Benchmarking en Oporto 3465 Benchmarking en L'Orient	20.800,00 € 20.827,00 €
F04	Formación del personal turístico 3459 Formación do persoal e intercambio transfronterizo	20.799,97 €
	TOTAL F	62.426,97 €
G.-	Integración do produto: Vigo producto urbano excelente.	
G01	Centro de visitantes y comercialización de servizos CRV Centro de interpretación da ría de Vigo	
G04	Movilidad en el producto urbano 3586 Obras de instalación de señalización turística de Vigo	52.541,27 €
	TOTAL G	52.541,27 €
	TOTAL 2ª ANUALIDADE	1.047.522,60 €

Polo dito se propón a Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta:

“Aprobar a constitución en metálico, na Caixa Xeral de Depósitos, por conta do Concello de Vigo, a garantía de 125.704,00€, a favor de TURESPAÑA (CIF Q-2829013-H), en concepto de prórroga no prazo de execución e xustificación da 2ª anualidade do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE TURISMO DE ESPAÑA (TURESPAÑA), A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE COMPETITIVIDADE TURISTICA DE VIGO, TURISMO URBANO E DE RÍA”, asinado en Vigo el 29 de outubro de 2010.

Procederáse á devolución desta garantía una vez que, executadas polo Concello de Vigo a totalidade das actuacións que comprende a segunda anualidade, dentro do prazo máximo de seis meses, a administración preste a súa conformidade á execución e polo tanto, autorice a cancelación do depósito. O Servizo de Turismo e Comercio será o que deberá de iniciar o procedemento de devolución da presente garantía”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no devandito informe.

18(1464).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A FUNCIONARIOS CON RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DE ENCOMENDA DE FUNCIONS. EXPTE. 22576/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 14.12.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 5.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estrictamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

- *Encomenda de Funcions ao funcionario D. Covelo Roma, Rosendo Gonzalo; con nº persoal 23.627 e co DNI 36077859-J*

En cumprimento da resolución de data 12 de maio de 2008 o Concelleiro de Xestión Municipal encomendou temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº persoal 23.627 e DNI 36077859-J, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.

As funcións de dirección administrativa do Verbum, a maiores de ter vinculación administrativa ten tamén una vinculación directa coas tarefas de dirección do Verbum, sobre todo tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, o que motivou o obxecto da encomenda. Dita situación foi aclarada en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.

Durante o período mencionado, o funcionario obxecto da encomenda desenvolveu unha serie de proxectos, ademais da xestión da unidade e dos asuntos relacionados coa exposición permanente, os cales se relacionan no anexo que achégase co expediente de produtividade.

En base á adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, o desempeñado na área de Deportes e o de Director Verbum-Casa das Palabras solicítase o aboamento do complemento de produtividade para o período comprendido entre o 1 de outubro ao 30 de novembro de 2011.

Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, o persoal municipal anteriormente referenciado non disfruou de vacacións nin estivo de baixa por IT no período sinalado

- *Encomenda de funcións a D. Otero Malvarez, Rosa María; con nº persoal 80.568*

En data 10 de agosto de 2011, resolvese polo Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal encomendar provisionalmente a D^a Rosa María Otero Malvarez, con numero persoal 80.568 e co posto de Auxiliar Administrativa no Servizo de Participación Cidadá, as funcións propias do posto de Administrativa da Administración Xeral da Área de Participación Cidadá, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Conforme establecen as instrucións de plantilla e relación de posto de traballo para o ano 2010, actualmente en vigor, na súa cláusula terceira, con cargo ao complemento de produtividade se retribuíra a actividade extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, polo importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado.

As funcións desenvolvidas pola devandita funcionaria foron

- *Tramitación de expedientes e procesos administrativos, formulación de dilixencias, actas, providencias, comparecencias e oficios de mero trámite, formulación de requirimentos, citacións, notificacións e comunicacións; extracto, cotexo e compulsas de documentos e extensión das oportunas dilixencias e actos administrativos de análoga natureza.*
- *Xestión dos procesos de traballo de carácter administrativo, económico e contable, baixo a dirección dos respectivos superiores ou en base as directrices sinaladas polos mesmos con carácter xeral.*
- *Efectuar as xestións necesarias para resolver as cuestións que se presenten ou encarguen no seu ámbito competencial utilizando o medio procedente en cada caso (documental, telefónico, electrónico, persoal).*

- *Cooperar coa súa xefatura inmediata na supervisión e coordinación de traballos desenvolto polo persoal subordinado.*
- *Control de expedientes e procesos.*
- *Redacción e transcripción de informes e propostas, actas, oficios, etc.*
- *Recoller, rexistrar e distribuí-la correspondencia e documentación de entrada no servizo, así como a de saída.*
- *Colaboración na racionalización de estruturas e sistemas de traballo na formalización e simplificación de expedientes, procesos e impresos.*
- *Información, atención e despacho co público en relación coas materias competencia de Participación Cidadá.*
- *En xeral todas as necesarias para un correcto funcionamento do servizo de Participación e Atención Cidadá.*

En data 1 de decembro de 2011, solicitase ao Servizo de Recursos Humanos o abono de produtividade a funcionaria D^a. Rosa María Otero Malvárez, correspondente aos meses de outubro e novembro de 2011.

Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, o persoal municipal anteriormente referenciado non disfruou de vacacions nin estivo de baixa por IT no período sinalado:

- *Encomenda de funcións a D^a. Rodríguez Martínez, María José; con nº persoal 22.042*

En Decreto de data 10 de agosto do 2011, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal acordou encomendar provisionalmente á funcionaria D^a María José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do negociado de Réxime Interior, funcións de técnico de xestión no Servizo de Recursos Humanos, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo informe da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, a funcionaria D^a Maria José Rodríguez Martínez desenvolveu, nos meses de Outubro e Novembro as seguintes funcións:

- *Participación técnica na xestión de expedientes administrativos relativos a adxudicación de axudas fondo social, resolucións de traslados e cambios de adscripción de persoal, encomendas de funcións, comisións de servizos, etc.*
- *Participación técnica na xestión de expedientes administrativos de resolucións de permisos ou xornadas especiais, xornadas reducidas e demais permisos derivados da aplicación do vixente Acordo regulador das Condicións Económicas e Sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público.*
- *Participación técnica nos expedientes relativos ás demandas xudiciais do persoal municipal, revisión e preparacion de documentación e realización de informes técnicos e de cuantificación económica para seren remitidos á Asesoría Xurídica Municipal en relación cos procedementos xudiciais pendentes ou coas execucións de sentenzas xudiciais de recoñecemento de dereitos ou susceptibles de xerar incidencias económicas.*

- *Realización e tramitación de expedientes administrativos sobre diversos aspectos da carreira administrativa dos empregados públicos municipais (solicitudes de prolongación servizo activo, recoñecemento grao persoal, xubilación anticipada).*
- *Tramitación e proposta nos expedientes de gastos en concepto de locomoción do persoal adscrito aos distintos servizos municipais.*
- *Cumprimentación de solicitudes da Tesourería Xeral da Seguridade Social relativas a pluriemprego e posterior comunicación á Intervención Xeral e tramitación de expedientes relativos a eventuais débedas coa Seguridade Social; atención presencial ao persoal municipal nos asuntos relativos as xubilacións así como a cumprimentación da documentación requirida, como apoio técnico na xestión ao Negociado de Seguridade Social en aspectos puntuais.*
- *Comunicación de incidencias de nómina aos diferentes servizos, unidades ou negociados implicados (Intervención Xeral, Planificación e Organización, Seguridade Social, etc)*
- *Tramitación, seguemento e execución de convenios de realización de prácticas no Concello de Vigo cos distintos Centros de Formación e Universidades Públicas.*
- *Elaboración de certificados de situacións ou incidencias administrativas a solicitude do persoal municipal e das distintas Admistracións Públicas e órganos xurisdiccionais.*
- *Participación nos procesos de selección de persoal e provisión de postos de traballo que se realizan por este Servizo de Recursos Humanos (funcionarios interinos e persoal laboral temporal), o que implica a elaboración de informes-proposta, publicación dos anuncios correspondentes, recepción de solicitudes, seguemento de proceso selectivo, propostas definitivas e resolucións de adscrición).*
- *Apoio técnico á xefatura do servizo na xestión dos expedientes derivados como demandas xudiciais e sentenzas firmes, con comunicación permanente coa defensa xurídica municipal externa no seguimento das actuacións, preparación de documentación e realización de informes técnicos e de cuantificación económica de relevancia para os asuntos xudiciais pendentes.*
- *Realización de informes a petición da Xefatura do Servizo en diversos asuntos referentes á xestión do persoal municipal dende unha perspectiva técnica ou económica.*
- *Colaboración coa xefatura do servizo e cos técnicos e Planificación e Organización e técnica de Avaliación e formación de Recursos Humanos na búsqueda de solucións, dende unha perspectiva técnica, á problemática susceptible de xenerarse no marco da xestión do persoal municipal.*

Todo elo sen prexuízo das funcións de xefatura de Negociado de Réxime Interior inherentes ao posto de traballo ao cal está adscrita.

Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, o persoal municipal anteriormente referenciado non disfruou de vacacions nin estivo de baixa por IT no período sinalado:

- *Encomenda de funcións a D. Gutiérrez Orúe, Francisco Javier; con nº persoal 13.920*

Con data 10 de agosto de 2011, o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal encomendou provisionalmente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº persoal 13.920 e co posto de xefe de servizos de Promoción Económica e Emprego, as funcións de Xefe de Participación e Atención Cidadá.

Conforme establecen as instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo para o ano 2011, na súa cláusula terceira, con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá a actividade extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, polo importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado.

En data 1 de decembro de 2011 solicítase o abono ao funcionario funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº persoal 13.920, da produtividade correspondente a encomenda de funcións do posto de xefe de Participación e Atención Cidadá, correspondente ao período agosto-novembro 2011.

O devandito funcionario estivo de baixa por IT do 16 ao 30 de setembro e do 5 ao 17 de outubro de 2011

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudir ao preceptuado no o art. 28 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2011, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instruccións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

- a) A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.*

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordes coa vontade do lexislador e que sexan homoxéneos para a totalidade das Administracións Públicas.

Tendo en conta os datos recollidos no cadro anterior en relación co disfrute de vacacións ou baixas por Incapacidade Temporal (enfermidade común) no período reflexado, correspondería o aboamento das seguintes cantidades:

1.- O funcionario D Rosendo G Covelo Roma, tendo en conta as retribucións do posto de Director Verbum Casa das palabras, descríbese na vixente RPT cun Complemento de Destino 26, importe mensual 698,20 €/mes no ano 2011, correspondería aboar a cantidade de 1.396,20 €, polo período comprendido entre o 1 de Outubro ao 30 de Novembro do 2011.

2.- Con respecto a D^a Rosa Otero Malvarez, con n de persoal 80568, tendo en conta os importes do complemento de destino do posto “administrativo”, que supón un importe mensual de 417.25€, correspondería o aboamento da cantidade de 834,60 € polo período comprendido entre o 1 de Outubro ao 30 de Novembro do 2011.

3.- A funcionaria Maria J Rodriguez Martinez, tendo en conta o complemento de destino do posto código 179 “Técnico de Xestión” supón un importe mensual de 619,47 € no ano 2011, polo que correspondería o aboamento en concepto de produtividade a cantidade de 1.238,94 € polo período comprendido entre o 1 de Outubro ao 30 de Novembro do 2011.

4.- O funcionario D Francisco J Gutierrez Orue, polas funcións encomendadas de “Xefe de Participación e Atención Cidadá” cun complemento de destino 26 con importe de 698,20€, corresponderíalle a cantidade de 1.977,95 € polo período comprendido entre o 10 de Agosto ao 30 de Novembro do 2011.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, con cargo ao [RC 201100007355](#) nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévese á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

Nome	NP	DNI	Periodo	TOTAL a percibir
Covelo Roma, Rosendo Gonzalo	23.627	36077859-J	1/10-30/11	1.396,20 €
Gutiérrez Orúe, Francisco Javier	13.920	13894232	10/8-30/11	1.977,95 €
Otero Malvarez, Rosa María	80.568	76965736-P	1/10-30/11	834,60 €
Rodríguez Martínez, María José	22.042	36086062-M	1/10-30/11	1.238,94 €
				5.447,69 €

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 5.447,691€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” (RC 201100007355).

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1465).- ASIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE AO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POLAS INTERVENCIÓNS REALIZADAS NO EXERCIZO 2011. EXPTE. 22586/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 15.12.11, e de conformidade co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 14.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

- Proceder ao outorgamento dun complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de extincion de incêndios e salvamento, polo importe contido no cadro adxunto, e polas cantidades que se relacionan para cada un deles, correspondentes ao 2011, a petición do suboficial do SEIS, contida en informe de data 14 de decembro de 2011 e polas cantidades consignadas no mesmo.

Nº PERSOAL	APELIDOS E NOME	CATEGORÍA	Importe
14.692	ABREU TORRES. JOAQUIN	Bombeiro	487,53 €
16.509	AGUIRRE RODRIGUEZ, MANUEL	Bombeiro	920,89 €
14.060	ALONSO ABALDE, MANUEL	Bombeiro	541,70 €
81.950	ALONSO BARCIA, RUBEN	BOMBEIRO	3.248,21 €
20.592	ALONSO COVELO, VICENTE	Cabo.Bom	226,04 €
20.801	ALONSO VILLAR, JUSTO	Cabo.Bom	921,19 €
14.048	ALVAREZ CRESPO, CAMILO	Cond.Bomb	920,89 €
80.562	ALVAREZ SALGUEIRO, DAVID	Bombeiro	1.029,23 €
20.920	ALVAREZ TORRES, ROGELIO	Bombeiro	595,87 €
17.153	ALVES DIZ, MIGUEL	Cond.Bomb	1.137,57 €
78.782	APARICIO GONZALEZ, VICENTE	Bombeiro	829,70 €
81.945	CABALEIRO NOVELLE, DANIEL	BOMBEIRO	3.269,62 €
81.958	CABALEIRO NOVELLE, MIGUEL A.	CONDUCTOR	2.998,77 €
80.561	CABALEIRO RODRIGUEZ, DAVID	Bombeiro	613,02 €
14.686	CALADO GARCIA-SANTAMARINA, VICEN-	Bombeiro	595,87 €
79.383	CALVAR RIOS, MOISES	CONDUCTOR	1.873,30 €
81.952	CAMPOS IGLESIAS DAVID	BOMBEIRO	3.377,96 €
21.491	CARBALLO LEIROS, JOSE	Bombeiro	704,21 €
20.824	CARIDE GRANDAL J.ANTONIO	Bombeiro	541,70 €
20.994	CARIDE GRANDAL, J. LUIS	Bombeiro	541,70 €
20.830	CARRIL COMESAÑA, JOSE M.	Bombeiro	421,65 €
14.657	CASALDERREY SANMARTIN, EDUARDO	Bombeiro	595,89 €
78.776	CASTIÑEIRAS BUJAN, ADRIAN DIEGO	Conductor	487,53 €
78.779	CASTRO MERA CARLOS	Bombeiro	487,53 €
76.515	CENTENO MOLARES, JOSE CARLOS	Cond.Bomb	678,12 €
22.600	COLLAZO REGUEIRO,JOSE RAMON	Bombeiro	734,63 €
16.426	CONDE CABALEIRO,MANUEL	Bombeiro	1.029,23 €
20.617	COSTA RIVAS,JOSE	Bombeiro	866,72 €
20.971	COSTA RIVERO, JOSE MANUEL	Bombeiro	920,89 €
14.717	COSTAS MARCOS, JESUS	Bombeiro	866,72 €
20.623	COSTAS TABOAS , J.ALBERTO	Bombeiro	758,38 €
16.811	DE NOVOA SEIJO, MANUEL VICENTE	Bombeiro	1.029,23 €
81.948	DE SOUSA DIAZ BRUNO	BOMBEIRO	3.029,19 €
20.988	DIAS DE LA IGLESIA ,EMILIO	Bombeiro	667,19 €
14.628	DURAN CALVO, ESTANISLAO	Sar, X. P.	758,38 €
20.882	EGUIA LOUZAN, MARCOS	Bombeiro	704,21 €
20.847	ESTEVEZ ALVAREZ ,ROBERTO	Bombeiro	812,55 €
18.508	FERNANDEZ CABALEIRO, JOSE LUIS	Cabo.Bom	650,04 €
78.780	FERNANDEZ COSTA, GERARDO	Bombeiro	595,87 €
20.787	FERNANDEZ FDEZ, ENRIQUE A.	Cond.Bomb	613,02 €
18.514	FERNANDEZ FDEZ, JUAN LUIS	Bombeiro	541,70 €
79.347	FERNÁNDEZ LEMOS, DAVID ANTONIO	Bombeiro	54,17 €
79.040	FERNANDEZ LODEIRO, EMILIO	Conductor	1.049,10 €
81.955	FERNANDEZ RODRIGUEZ PABLO	CONDUCTOR	2.944,60 €
79.346	FERNÁNDEZ SENDÍN, PABLO	Bombeiro	960,67 €
79.345	FONTELA GÓMEZ, ANTONIO	Bombeiro	886,23 €
13.250	FREIRIA BARROS ,J. CARLOS	Cond. Bom	650,04 €
78.777	FUENTES DOMINGUEZ, JOAQUIN	Cabo.Bom	975,06 €
13.965	GANDARA MARTINEZ, JOAQUIN	Cond.Bomb	595,87 €
10.808	GARCIA GONZALEZ , J. MANUEL	Sar. X.Q.	883,87 €
20.630	GARCIA GONZALEZ ,PERFECTO	Bombeiro	650,04 €

Nº PESSOAL	APELIDOS E NOME	CATEGORÍA	Importe
76.518	GARCIA PONTES, IGNACIO	Cond. Bom	650,04 €
23.580	GARRIDO PEREZ, EUGENIO	Bombeiro	650,04 €
81.047	GOMEZ CHOREN RICARDO	BOMBEIRO	3.255,23 €
20.942	GOMEZ MOURE, JUAN CARLOS	Bombeiro	650,04 €
81.949	GONZALEZ CAMPOS SERGIO	BOMBEIRO	3.323,79 €
15.705	GONZALEZ PEREIRA, CARLOS	Bombeiro	866,72 €
21.002	GONZALEZ PEREIRA, PABLO	Cond.Bomb	595,87 €
79.342	GONZÁLEZ RIVEIRO, JORGE	Cond. Bom	854,66 €
80.559	GONZALEZ RIVEIRO., DAVID	Cond. Bom	824,31 €
76.516	GONZALEZ UCLES, MIGUEL	Cond.Bomb	379,19 €
20.876	GROSSI MARTINEZ ,FERNANDO	Bombeiro	812,55 €
16.515	GUARDADO SOAGE, MANUEL	Bombeiro	758,38 €
81.951	GUERRA COLMENERO DENNIS	BOMBEIRO	3.161,28 €
15.562	IGLESIAS COMESAÑA, GUILLERMO	Cond.Bomb	1.029,23 €
20.646	IGLESIAS LAMEIRO ,ANGEL	Bombeiro	866,72 €
81.953	IGLESIAS OLMEDO LUCAS	BOMBEIRO	3.311,74 €
79.341	ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	Cabo.Bom	1.130,20 €
17.561	JARDON LOSADA, SATURNINO	Cond.Bomb	975,06 €
14.090	LOPEZ LANDESA, FELIX	Cabo.Bom	1.029,23 €
20.853	LOPEZ RIOCABO ,JESUS	Cabo.Bom	812,55 €
16.461	LOPEZ RODRIGUEZ, A. BENIGNO	Bombeiro	1.029,23 €
76.514	LOPEZ RODRIGUEZ, MANUEL	Bombeiro	162,51 €
81.957	LOPEZ VAZQUEZ DAVID	CONDUCTOR	2.371,77 €
20.652	MOLEDO ALONSO, M. ENRIQUE	Cond.Bomb	960,67 €
20.899	MOLEDO ALONSO, RAFAEL	Cabo.Bom	379,19 €
79.043	MOLEDO ALONSO, ROBERTO	Bombeiro	975,06 €
81.946	MOLEDO PEREIRA DAVID	BOMBEIRO	3.269,62 €
14.002	MOREIRA VIDAL ,SALVADOR	Cond.Bomb	758,38 €
80.563	MOSQUERA ESTEVEZ, DAVID	Bombeiro	487,53 €
76.517	NOGUEIRA CASAS, JOSE	Cond.Bomb	641,88 €
14.025	ORDOÑEZ PEREZ,CARLOS	Suboficial	866,72 €
21.373	OTERO IGLESIAS, SANTIAGO	Bombeiro	650,04 €
17.087	OTERO MARTINEZ, MANUEL	Bombeiro	758,38 €
10.790	PEITIEIROS RODRIGUEZ ,CELSO	Cond.Bomb	992,21 €
20.793	PELETEIRO LOGROÑO ,J. JAVIER	Cond.Bomb	650,04 €
81.959	PEREIRO REIGOSA ANDRES	CONDUCTOR	3.257,56 €
23.567	PEREZ GIL ,FRANCISCO JAVIER	Bombeiro	621,61 €
79.042	PEREZ GONZALEZ, RICARDO	Conductor	904,16 €
13.936	PEREZ RUIZ, ETELVINO	Cond.Bomb	920,89 €
80.474	PIÑEIRO HERMIDA, DAVID	Bombeiro	595,87 €
16.917	RICOY MARTINEZ, LUIS	Cond.Bom	866,72 €
78.781	RIVERO ALVAREZ, FCO JAVIER	Bombeiro	758,38 €
81.956	RODRIGUEZ CID ANTONIO	CONDUCTOR	3.323,79 €
14.054	RODRIGUEZ DURAN, JESUS	Suboficial	689,43 €
81.954	RODRIGUEZ GOMEZ MANUEL	CONDUCTOR	3.215,45 €
20.669	RODRIGUEZ LAGO, CARLOS	Cabo.Bom	734,63 €
8.846	RODRIGUEZ LOPEZ ,JOSE	Cabo.Cond	975,06 €
79.046	RODRÍGUEZ MACÍAS, RAFAEL	Bombeiro	866,72 €
79.344	RODRÍGUEZ MOREIRA, VICTOR MANUEL	Cond. Bom	829,70 €
13.267	RODRIGUEZ VAZQUEZ, MANUEL	Cond.Bom	758,38 €
81.944	ROMERO CANCELAS ADRIAN	BOMBEIRO	3.377,96 €
20.907	ROMERO FIGUEIRIDO,JOSE C.	Bombeiro	325,02 €

Nº PERSOAL	APELIDOS E NOME	CATEGORÍA	Importe
20.965	ROMERO IGLESIAS,RAFAEL	Cabo.Bom	216,68 €
18.490	SABIO SANZ,MANUEL ANDRES	Bombeiro	812,55 €
10.783	SANCHEZ FERNANDEZ, JUAN JOSE	Bombeiro	812,55 €
79.340	SÁNCHEZ SALGUEIRO, LUIS MIGUEL	Cond. Bom	704,21 €
78.138	SANLÉS DOMÍNGUEZ, SERGIO	Bombeiro	650,04 €
14.640	SAYAR VILA, JESUS	Bombeiro	1.029,23 €
80.560	SENRA PÉREZ, PABLO	Bombeiro	791,14 €
14.077	SIO MARTINEZ, FERNANDO	Bombeiro	847,65 €
77.168	SOAGE BERMUDEZ, HECTOR	Cabo.Bom	920,89 €
20.959	SOAGE BERMUDEZ, IVAN	Bombeiro	1.029,23 €
20.913	SOLVEIRA DE LA FUENTE, FERNANDO	Cabo.Bom	541,70 €
20.936	SUAREZ FERNANDEZ, JOSE M.	Bombeiro	1.191,74 €
78.778	SUAREZ RODRIGUEZ, JOSE MANUEL	Bombeiro	704,21 €
79.041	TORRES FERNÁNDEZ, JOSÉ ANTO	Cond. Bom	650,04 €
14.019	TRONCOSO PADIN, LINO	Cond.Bom	704,21 €
16.455	VAZQUEZ COSTAS, CONSTANTINO	Bombeiro	847,65 €
14.670	VAZQUEZ GONZALEZ, DOMINGO	Suboficial	1.029,23 €
77.034	VAZQUEZ PAZÓ, MODESTO	Cond.Bom	637,98 €
79.044	VEIGA GARCÍA, RUBÉN	Bombeiro	704,21 €
22.993	VILA DA VILA, JOSE CARLOS	Bombeiro	704,21 €
21.380	VILLAR COMESAÑA, JOSE ANTONIO	Cabo.Bom	812,55 €
18.483	VILLAR DOMINGUEZ, MANUEL	Bombeiro	541,70 €
79.343	VILLAR GUTIERREZ, ALBERTO	Cond. Bom	975,06 €
14.700	VILLAVERDE VELEIRO, JOSE B.	Cabo.Bom	650,04 €
TOTAL			98.305,05 €

- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 98.305.05 € € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” do orzamento do ano 2011

Dése traslado do presente acordo aos interesados/as, Xefatura do Corpo da Policía Local, Sres. Concelleiros/as delegados/as das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

20(1466).- CORRECCIÓN DE ERROS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. EXPTE. 1063/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 15.12.11, conformado pola concelleira delegada da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de humanización da rúa Brasil (PCAP).*

ANTECEDENTES:

No curso da licitación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Brasil se constatou a existencia dun erro material no prego de cláusulas administrativas particulares. En concreto, na cláusula 8.B).d das Follas de especificacións do contrato do PCAP, relativa á aportación económica para melloras destinadas ó obxecto da obra que é un dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmula fixados. Na fórmula determinada para valorar as mesmas se alteran os factores de numerador e denominador resultando inaplicable, por cuanto outorga unha puntuación superior ó máximo establecido ós licitadores que oferten melloras por debaixo da aportación económica máxima valorable.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

“28. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. 1ª FASE. EXPTE. 1063/440 (...) 3º Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexera a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011 (...)”

Segundo.- A cláusula 8.B).d das Follas de especificacións do contrato do PCAP, establece como criterio de adxudicación avaliábel mediante fórmula a aportación económica para melloras das unidades de obra contempladas no proxecto de obra. A mesmas se valoran ata un máximo de 5 (cinco) puntos. Se fixa como fórmula para a súa valoración a seguinte:

$$P=5*Y/X$$

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: importe da oferta de mellora a considerar (solo se valorará un máximo do 5% do tipo de licitación)

Y: importe máximo a valorar (máximo 5% do tipo de licitación).

No entanto, con esta fórmula a todos os licitadores que oferten melloras por debaixo do tipo máximo, 5% do tipo de licitación, se lle outorgarían máis puntos que os 5 fixados para este criterio.

En consecuencia, procedería substituír a fórmula pola seguinte:

$$P=5*X/Y$$

Terceiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP.

Así, en mérito ó exposto, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

*“Rectificar a cláusula 8.B).d das Follas de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de humanización da rúa Brasil, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2011, substituíndo a fórmula incluída na mesma pola seguinte: $P=5*X/Y$ ”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1467).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 64.566,85 € A FAVOR DE “VIGILANCIA INTEGRADA S.A.” POLOS SERVIZOS DE SEGURIDADE EXTRAORDINARIOS PRESTADOS NO PAZO DE CASTRELOS (MARZO-SETEMBRO 2011). EXPTE. 4462/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización, do 2.12.11, e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 25.10.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e a concelleira delegada da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de 64.566,85 € (IVE incluído); a prol da empresa VIGILANCIA INTEGRADA, S.A., co CIF A – 78917465, pola prestación de servizos de seguridade extraordinarios no Pazo de Castrelos no periodo marzo-setembro 2011, segundo as seguintes facturas:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
6500294167	01/04/11	05/04/11	110045298	2.998,36 €
6500294683	31/03/11	12/04/11	110049110	9.809,64 €
6500294684	31/03/11	12/04/11	110049111	349,52 €
6500296379	30/04/11	11/05/11	110066180	9.117,13 €
6500296380	30/04/11	11/05/11	110066778	452,39 €
6500297689	31/05/11	10/06/11	110086422	9.368,30 €
6500297690	31/05/11	10/06/11	110086424	245,94 €

6500300399	30/06/11	12/07/11	110098978	7.868,58 €
6500301656	31/07/11	05/08/11	110107099	8.130,34 €
6500303434	31/08/11	09/09/11	110117687	8.115,14 €
6500303435	31/08/11	09/09/11	110117685	234,19 €
6500305606	30/09/11	11/10/11	110130746	7.223,90 €
6500305607	30/09/11	11/10/11	110130747	644,42 €
TOTAL				64.566,85 €

2º Imputalo á partida 3330.2270101 “SERVICIOS DE SEGURIDADE INTERNA”, R.C. 201100017371, correspondente ao orzamento do Museo Municipal para o exercicio 2011.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación alguna para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

22(1468).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2011. EXPTE. 5455/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.12.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación cidadá, do 29.11.11, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá e polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: CONCEDER ás cento dez (110) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos”, dotada coa cantidade de 132.213 €, e á partida presupostaria 9240 7800000, chamada “Transferencias de Capital Asociacións”, dotada con 210.000,00 €, subvención en concepto de “actividades” (Programa I), “mantemento” (Programa II), “inversións en instalacións” (Programa III) e/ou “equipamento” (Programa IV), correspondentes á “Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2011”, polo contía total que, para cada unha, se indicada a seguir, de conformidade co art. 23.3 da LSG:

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTOS	Total Ptos	Custe do Proxecto	Proposta Subv.	TOTAL
1	G-3668170	Federación Veciñal "Eduardo Chao"	Contaveciñal	29	3.735,00 €	1.096,63 €	11.998,36 €
			Gastos de Mantemento	32	4.000,00 €	440,53 €	
			Reparacións no local social ("arranxo de baños; substitución de portas; limpeza e pintado; reparación de teitos..."):	74	21.000,00 €	7.791,05 €	
			Equipamento informático Mobiliario	65	10.000,00 €	2.670,16 €	
2	G-36646545	Asociación Veciñal de Teis	Creación páxina web	38	3.500,00 €	1.436,96 €	1.436,96 €
3	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	Actividades sociocomunitarias	36	7.000,00 €	1.361,33 €	4.761,12 €
			Gastos de Mantemento	53	14.000,00 €	729,63 €	
			Equipamento informático Equipo de son	65	20.000,00 €	2.670,16 €	
4	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	Doutor Fleming Sociocomunitario: cursos de novas tecnoloxías e linguas estranxeiras	35	3.484,25 €:	1.323,51 €	3.750,19 €
			Gastos de Mantemento	45	9.620,00 €	619,50 €	
			Reparación nas instalacións: cañerías e griferías	33	1.813,83 €	1.269,68 €	
			Equipamento Informático	35	1.075,00 €:	537,50 €	
5	G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	Sárdoma Activa: encontros veciñais, voluntariado e formación.	75	14.100,00 €	2.836,10 €	8.893,94 €
			Gastos de Mantemento	50	6.400,00 €	688,33 €	
			Pintado da fachada	51	7.938,45 €	5.369,51 €	
6	G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	Cursos e obradoiros 2011	71	16.742,00 €	2.684,84 €	8.509,87 €
			Gastos de Mantemento:	63	16.000,00 €	867,30 €	
			Reparación muro de Mampostería	40	8.665,53 €	4.211,38 €	
			Adquisición máquina copiadora	28	1.492,70 €	746,35 €	
7	G-36655942	A.V.de Parada-Maceiriña "Rúas e Fontes"	Gastos de Mantemento	36	4.000,00 €	495,60 €	495,60 €
8	G-36644904	A.VV Rosalia de Castro da Salgueira	Festa do Socio Curso Talla en Madeira	36	4.000,00 €	1.361,33 €	6.004,32 €
			Gastos de Mantemento	39	4.000,00 €	536,90 €	
			Reparación de arqueta de augas do auditorio da asociación	39	6.855,80 €	4.106,09 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTOS	Total Ptos	Custe do Proxecto	Proposta Subv.	TOTAL
9	G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	Coia Activa: “O día do barrio”, “Coia outdoor”, “Coia informa-T”	42	7.200,00 €	1.588,22 €	2.751,55 €
			Gastos de Mantemento	50	5.100,00 €	688,33 €	
			Dotación Aula Audiovisual	31	950,00 €	475,00 €	
10	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	Actividades de formación e divertimento. XXXIII Edición de xogos intersociais.	41	5.176,05 €	1.550,40 €	3.603,69 €
			Gastos de Mantemento	47	5.913,46 €	647,03 €	
			Substitución de fiestras e recercados interiores	38	1.300,71 €	910,49 €	
			Equipamento informático Mobiliario	39	991,55 €	495,77 €	
11	G-36659829	A.V. De Coruxo	Revista “A Pedra Moura”	38	4.180,00 €	1.436,96 €	2.297,75 €
			:Gastos de Mantemento	48	4.080,00 €	660,80 €	
			Equipamento audiovisual	39	407,10 €	200,00 €	
12	G-36842284	A.V.V. Da Miño-ca	Actividade formativa	37	1.850,00 €	1.295,00 €	11.695,52 €
			Gastos de Mantemento	50	6.265,91 €	688,33 €	
			Insonorización do local	78	19.397,38 €	8.212,19 €	
			Equipamento informático	42	3.000,00 €	1.500,00 €	
13	G-36648103	A.V.C.D. Sampaio	Festa do Socio-Romaría Popular	37	2.900,00 €	1.399,14 €	12.071,03 €
			Gastos de Mantemento	47	7.650,00 €	647,03 €	
			Reparación e selado de fiestras (2ª fase)	80	18.700,00 €	8.422,76 €	
			Adquisición de 4 cilindros de auga quente para vestiarios	39	3.600,00 €	1.602,09 €	
14	G-36743482	A.V. “A Paz”	IV Encontro AAVV La Paz-España	28	7.800,00 €	1.058,81 €	1.913,11 €
			Gastos de Mantemento	33	1.795,14 €	454,30 €	
			Equipamento Informático	24	800,00 €	400,00 €	
15	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	Gastos de Mantemento	44	4.500,00 €	605,73 €	4.355,73 €
			Reformas interiores no local social (pintado do local social, arranxo de paredes e de servizos hixiénicos)	39	4.500,00 €	3.000,00 €	
			Equipamento informático Mobiliario oficina	32	1.500,00 €	750,00 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTOS	Total Ptos	Custe do Proxecto	Proposta Subv.	TOTAL
16	G-36645885	A.VV Casco Vello	Memoria fotográfica do barrio histórico Dixitalización dos arquivos: imaxes, carteis, fotos	31	3.725,00 €	1.172,26 €	4.132,17 €
			Gastos de Mantemento	30	3.000,00 €	413,00 €	
			Mobiliario Equipo son Equipamento informático Fotocopiadora e impresora	62	10.000,00 €	2.546,92 €	
17	G-36641355	A.VV Agarimo San Xoán Poulo	Gastos de Mantemento	28	2.005,45 €	385,46 €	385,46 €
18	G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	Xornadas da convivencia home-naxe ós maiores. Voceiro Mensual "Aturuxo"	51	12.303,97 €	1.928,55 €	8.638,29 €
			Gastos de Mantemento	59	15.500,00 €	812,23 €	
			Impermeabilización de paredes exteriores	44	12.186,45 €	4.632,52 €	
			Adquisición de proxector de vídeo	32	2.531,10 €	1.265,00 €	
19	G-36648293	A.V. Do Calvario	Curso de introdución a Windows e navegación web	39	2.800,00 €	1.474,77 €	7.147,92 €
